

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

EXTRACTO da Orde do 24 de novembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, para o alumnado do Sistema universitario de Galicia que participa en Erasmus Estudos no curso 2017/18.

BDNS (Identif.): 376936.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

O alumnado das universidades do Sistema universitario de Galicia que participa en Erasmus Estudos durante o curso 2017/18.

Segundo. *Obxecto*

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Orzamento e contía das bolsas*

O importe global previsto na orde é de 1.500.000 €.

As axudas terán a seguinte contía, en función dos grupos de países determinados no programa Erasmus+:

- a) De 195 euros/mes para un país de destino do grupo 1.
- b) De 165 euros/mes para un país de destino do grupo 2.
- c) De 125 euros/mes para un país de destino do grupo 3.



Unha vez distribuída a contía uniforme en función dos grupos de países determinados no programa Erasmus+, o orzamento restante dispoñible, se o houber, adxudicarase entre as persoas solicitantes que posúan unha maior media no seu expediente académico e asignarase unha contía uniforme de 500 euros ata esgotar o orzamento.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

